

se acompañarán a documentación acreditativa da compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e do Documento Nacional de Identidade e o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2.- Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente ós interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

#### Artigo 4º.

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do segundo semestre de cada exercicio.

2.- No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos os impostos que estean inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste temo municipal.

3.- O padrón ou matrícula do imposto exporase ó público polo prazo de 15 días hábiles para que os lexítimos interesados poidan examinalo, e no caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no "Boletín Oficial da Provincia" e produciranse os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

#### Artigo 4º bis.

Establécese unha bonificación do 100 % da cota do imposto para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defeto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

#### Artigo 5º.

No non expresamente previsto na presente ordenanza rexirán os preceptos contidos na subsección 4º da sección 3ª do capítulo II, do título II do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e nas demais disposicións reguladoras da materia.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

As persoas ou entidades que na data de comenzo da aplicación do presente imposto gocen de calquera clase de beneficio fiscal no imposto municipal de circulación de vehículos, continuarán no desfrute dos mesmos no imposto citado no primeiro termo ata a data da extinción de ditos beneficios e no caso de que os mesmos non tiveran fin de desfrute, ata o 31 de decembro de 1992, inclusive.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de setembro de 1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1/1/1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

### ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA E ORNATO DE ESPAZOS PÚBLICOS E DE DESFRUTE COLECTIVO.

#### TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓN XERAIS.

##### Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación no termo municipal de Guitiriz, das seguintes actividades:

a) A limpeza das vías e espazos de dominio e uso público e tamén de dominio privado para uso colectivo, así como a limpeza e ornato xeral de edificios e mobiliario público.

b) As actividades de publicidade e propaganda nos espazos públicos e privados con repercusión ou relevancia na paisaxe colectiva.

##### Artigo 2. Marco legal.

Será de aplicación supletoria e complementaria a normativa estatal e autonómica que regula as funcións e actividades que constitúen obxecto normativo desta ordenanza municipal, que precisamente se fundamenta e desenvolve tales disposicións.

Nos aspectos medio-ambientais non previstos nesta ordenanza municipal tamén serán de aplicación tales disposicións xerais.

Esta ordenanza apróbase en desenvolvemento das Leis Estatais 10/1998, do 21 de abril, de residuos e 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases; Lei 34/2007, de calidade do aire e protección da atmosfera; así como da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia; Lei 8/2002, de protección do ambiente atmosférico de Galicia; Lei 10/1997, do 22 de agosto, de Residuos Urbanos de Galicia, que se derroga pola Lei 10/2008, do 3 de novembro de Residuos de Galicia, con un período de "vacatio legis" de 3 meses; Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia e demais disposicións de xeral e concordante aplicación.

#### TÍTULO I.

### DA LIMPEZA E ORNATO DAS VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS DE USO PÚBLICO E/OU COLECTIVO E DOS EDIFICIOS E MOBILIARIO PÚBLICO EN XERAL.

#### Capítulo I: Determinación do ámbito de aplicación.

##### Artigo 3. Das potestades públicas de intervención.

3.1) A limpeza de vías e espazos de dominio e uso públicos local correspóndelle ó Concello, constituíndo un servizo público municipal que se prestará a través de calquera dos modos de xestión establecidos na lexislación vixente.

3.2) A limpeza de espazos de titularidade colectiva e de uso colectivo nas que xa se desenvolvan as labores de limpeza directamente polo Concello ou ben lle correspondan a administración municipal, prerrogativas "in vixilando", como ocorre en propiedades privadas de carácter colectivo e que albergan o desenvolvemento de feiras (Parga) ou ben áreas de recreo pertencentes a CMVMC.

3.3) A limpeza e ornato de soares, urbanizacións privadas e demais terreos privativos réxense pola lexislación que lle é propia, urbanística, forestal, medio ambiental, de prevención de incendios, etc., e ademais será obxecto dunha ordenanza específica.

3.4) A limpeza de viais e espazos libres de titularidade doutras administración públicas, incluídos os inmobles que integran o dominio ferroviario, correspóndelle ós seus titulares.

Capítulo II: Da limpeza e ornato de vías e espazos públicos de uso público e/ou colectivo:

Conductas prohibidas.

Artigo 4. Conductas prohibidas.

1. Prohíbese botar á vía pública todo tipo de refugalllos como cabichas, pelias, papeis, bolsas ou calquera outro desperdicio semellante. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e queiran desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizará as papeleiras instaladas para tal fin, nas inmediacións ou en zonas próximas.

2. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, darlles a volta ou arrincalas, así como calquera outro acto que destrague a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso ó que están destinadas.

3. As instalacións mantemento e reposición das papeleiras realizarase pola administración municipal, a través dos medios previstos na lexislación de réxime local e de contratación.

4. Os danos que se causen as papeleiras, que supoñan a necesidade da súa reposición serán soportados por aqueles que os ocasionen, sen prexuízo da esixenza das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan, de conformidade co previsto.

5. Os danos que se causen as árbores ou noutro mobiliario urbano ou en calquera espazo ou ben público, incluíndo a realización de pintadas ou inscricións ou a colocación de cartéis ou adhesivos, tamén serán soportadas polas persoas que os ocasionen de conformidade co previsto, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan.

Artigo 5. Outras conductas prohibidas.

Queda prohibido realizar calquera operación ou actividade que poida lixar as vías e espazos públicos, ou mobiliario urbano e en particular:

a) Lavar vehículos nas vías ou espazos públicos así como realizar operacións de cambio de aceite ou outros líquidos.

b) Manipular ou seleccionar os desperdicios ou residuos sólidos urbanos situados nas papeleiras e nos contedores de lixo, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.

c) Sentarse apoiando os pes nos bancos e cadeiras situados nos espazos públicos.

e) Instalar tendais e tender roupa nas fachadas dos inmobles que dean as vías ou espazos públicos. Exceptúanse desta prohibición aquelas vivendas que pola súa antigüidade ou características singulares, non dispoñan de espazos interiores para tal fin, polo que poderán facer uso da fachada entre as 22.00 e as 8.00 horas sen que en ningún caso se poida tender a unha altura que perturbe o paso dos viandantes e sempre que non se produzan molestias, tales como as derivadas do goteo de auga ou semellantes.

Artigo 6. Actividades nas vías e espazos públicos.

6.1 As persoas que exploten quioscos ou postos autorizados nas vías ou espazos públicos ou desenvolva calquera outra ocupación ou actividade na mesma, ben sexa de forma illada ou en mercados, teñen a obriga de manter limpo o espazo no que se desenvolva a súa actividade e as súas proximidades durante o horario no que se realice, deixándoos limpos unha vez rematada aquela. O incumprimento deste artigo poderá dar lugar a revogación da correspondente licenza, previa audiencia do interesado.

6.2 Isto mesmo deber aplicase ós donos dos cafés bares e establecementos análogos, en canto a superficie da vía ou espazo libre público que se ocupe con veladores, cadeiras, etc, así como beirarrúa correspondente a lonxitude da fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras, etc. No momento do peche do establecemento deberanse retirar da vía pública, sita nas súas inmediacións, calquera refugallo derivado da actividade desenvolvida, incluíndo cristais ou calquera tipo de envases, etc. A sanción agravarase no caso de reiteración.

Artigo 7. Deberes específicos para carga e descarga de vehículos.

7.1 Rematada a carga e descarga de calquera vehículo con observancia das normas que para tales actividades establece a normativa de circulación, procederase a limpeza de beirarrúas e estradas que fosen lixadas durante a operación, retirando da vía pública os refugallos verquidos.

7.2 Están obrigados ó cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas nas que fose executada a carga ou descarga, sempre que non faciliten a identificación do transportista.

Artigo 8. Deberes específicos, aplicables a vehículos pesados.

8.1 Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, refugallos, materiais polvorentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia susceptible de causar molestias ou lixar os espazos públicos o ser transportada terá que tomar cantas medidas lle sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, por efeto da velocidade do vehículo ou do vento, caia sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

8.2 Os vehículos que se utilicen na zona de obras, antes de saír a vía pública, deberán proceder, a ser posible, ó lavado dos baixos e rodas. En todo caso,

manterase a vía pública limpa retirando da mesma calquera refugallo derivado da actividade e deberá garantir que en ningún tramo do percorrido queden restos de materiais.

Artigo 9.- Da recollida de refugallos.

Nas obras nas que se produzan cantidades de refugallos superiores a un metro cúbico terán que utilizarse para a súa recollida colectores axeitados, que deberán ser trasladados enteiramente ó vertedoiro de inertes.

Capítulo III: Da protección de edificios e mobiliario público.

Sección 1ª protección da edificación pública.

Artigo 10. Edificios públicos.

Os inmobles nos que se sitúen edificios de uso público e/ou adicados a algún servizo público deben atoparse no máis axeitado estado de conservación construtiva e estética. As persoas responsables do seu deterioro serán sancionados administrativamente de acordo coa infracción cometida. Está prohibido facer pintadas, pegar carteis, sobre a edificios públicos relacionados no apartado precedente.

Está igualmente prohibida a realización de calquera outra operación que afecte á seguridade do edificio, como ataque destrutivo ou dañino en portas cristais, pinturas, muros e semellantes. Esta prohibición enténdese ós danos causados no contido ou mobiliario e enseres que existen no interior de cada un destes edificios.

Sección 2ª.- Protección do mobiliario urbano público.

Artigo 11.

1. O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes, consistente en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalizacións, farois e elementos decorativos como adornos, estatuas, etc., deberá manterse no máis axeitado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrución serán responsables non soamente de resarcir todo dano producido, senón que tamén serán sancionados administrativamente de acordo coa falta cometida e segundo os procedementos establecidos ó efecto. Asemade, serán sancionados os que facendo un uso indebido de tales elementos perxudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lares. Para este efeto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitacións:

a) Bancos.

Non se permitirá o uso inaxeitado dos mesmos como arrincar os que estean fixos; trasladar os que estean fixados ó chan, agrupalos de forma desordeada; realizar comidas sobre os mesmos de forma que poidan lixar os seus elementos; realizar inscricións ou pintadas sobre eles, e calquera acto contrario a súa normal utilización ou que deteriore a súa conservación.

As persoas encargadas do coidado dos nenos deberán evitar que estos, nos seus xogos, deixen sobre os bancos area, auga, lama ou calquera elemento que poida lixalos ou manchar ós usuarios dos mesmos.

b) Xogos infantís.

Utilizaranse unicamente polos nenos con idades comprendidas entre as establecidas nas correspondentes sinales. E en todo caso, non se permite a utilización dos xogos infantís por adultos ou por nenos de idade superior a que se indique, así como tampouco a utilización dos xogos de maneira que exista perigo para os seus usuarios, ou de forma que poidan deteriorarse ou romperse.

c) Papeleiras.

Os refugallos e papeis deberanse depositar nas papeleiras establecidas para tal fin.

Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras: Move-las, darlles a volta ou arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir papeis ou outros actos que deteriorenen a súa prestación.

d) Fontes.

Os usuarios deberanse abster de realizar calquera manipulación nas fontes que non sexa o seu propio funcionamento normal, así como a práctica de xogos nas fontes para beber.

Nas fontes decorativas, chafarices, bocas de rego, etc., non se permitirá beber, utilizar a auga das mesmas, bañarse introducirse nas súas augas, practicar xogos, nin ningunha manipulación dos seus elementos.

e) Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos.

Nestes elementos de mobiliario urbanos non se permitirá subirse, balancearse ou facer calquera outra acción ou manipulación, así como calquera acto que lixe, dane ou os deteriore.

TITULO II DAS ACTIVIDADES DE PUBLICIDADE EN ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS CON RELEVANCIA NA PAISAXE COLECTIVA.

Artigo 12 Definición.

Enténdese por publicidade e/ou propaganda, a estes efectos, o emprego de carteis publicitarios e megafonía; o uso de recadros para publicidade, marquesiñas ou realización de pintadas, grafitis, pancartas e outros semellantes.

Artigo 13. Conductas publicitarias prohibidas.

13.1- Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, lixando os espazos públicos e a colocación de publicidade en lugares non autorizados.

13.2- Terán a consideración de acto independente para o efecto de sanción cada actuación separada no tempo e no espazo, contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e no seu defecto e agás proba en contra, aquelas a favor de quen se faga a mesma.

13.3- Os folletos publicitarios depositaranse nos buzóns ou lugares designados por cada comunidade, nunca por debaixo das portas ou de forma que se poidan espallar pola vía pública.

13.4- Sen perxuízo das sancións as que houbera lugar tipificadas nesta ordenanza, correrán cos gastos de limpeza ocasionados por tal actitude as empresas ou persoas físicas anunciadas, salvo denuncia expresa dos autores da colocación e de lograrse a súa identificación.

13.5- Queda prohibido aparcarrar carritos ou vehículos semellantes con vallas publicitarias en terreos públicos ou privados, salvo os expresamente autorizados coa correspondente licenza municipal. En todo caso non se permitirá o estacionamento na vía pública, no mesmo lugar, por un período superior a 24 horas.

Artigo 14. Outras conductas publicitarias prohibidas.

14.1- Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixe o ornato e a estética do termo municipal de Guitiriz, queda prohibido:

a) Colocar carteis en paredes, muros, quioscos, fachadas, farois enreixados, vallas, papeleiras, colectivos de recollida de lixo, marquesiñas de paradas de autobús, visibles dende o exterior.

b) Prohíbese a realización de toda clase de pintadas na vía pública; tanto sobre os seus elementos estruturais (beirarrúas, estradas, mobiliario urbano) como sobre os muros ou fachadas dos edificios.

Quedan excluídas desta prohibición as pintadas ou murais artísticos que se realicen sobre vallas de soares, medianeiras, etc., que sexan autorizados para o efecto.

d) O espallamento de folletos ou follas de publicidade pola vía pública.

14.2- Considéranse separadamente, como actos sancionables, as actuacións contrarias ó disposto no punto anterior en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos, podendo impoñerse sancións por cada cartel ou folleto que incumprisen estas normas.

Artículo 15. Lugares autorizados.

Por parte do Concello de Guitiriz, establécense os seguintes lugares destinados a instalación de publicidade: Os paneis de madeira distribuídos en todas as parroquias

Colocación de pancartas.

Queda prohibida a colocación de pancartas en calquera dos elementos estruturais existentes no casco urbano e no medio rural: Edificios, muros, pontes, vallas, beirarrúas, elementos do mobiliario urbano, marquesiñas de autobuses, e semellantes, visibles dende o exterior.

A colocación de pancartas soamente se entende autorizada e non se atopa prohibida:

- En período de eleccións políticas.
- En período de festas populares ou tradicionais.
- En eventos culturais ou deportivos de especial interese.
- En situacións que expresamente se sinalan polo

Concello.

Deberán ser retiradas nos 10 días seguintes ó vencemento do prazo para o que foron autorizadas. As pancartas débense colocar nos lugares habilitados polo Concello ó efecto: Paneis de madeira situadas en distintos lugares de pública concurrencia das parroquias do municipio.

Artigo 16. Deberes dos propietarios en relación coa publicidade.

1.- Os propietarios ou titulares de inmovibles, monumentos, quioscos, etc., coidarán de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que no sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2.- Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados para este obxecto, que veñen delimitados polos paneis de madeira distribuídos por lugares diversos das parroquias deste municipio.

Artigo 17. Das actividades publicitarias.

1.- Durante todo o ano a publicidade colocárase unicamente nos lugares autorizados.

Durante os períodos electorais e aqueles outros de xeral participación cidadá, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Guitiriz adoptará, de conformidade e co que se dispón na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

2.- Para os efectos das sancións a que dese lugar a aplicación deste artigo serán responsables o Presidente local ou cargo de máxima responsabilidade do partido na localidade e se se trata de eleccións locais, o cabeza de lista do partido ou da agrupación que se presente.

3.- O Concello, en exemplo do cumprimento desta ordenanza, respectará para a difusión dos bandos e carteis os espazos especificamente habilitados.

### TITULO III. RÉXIME SANCIONADOR.

#### Capítulo I- Normas xerais.

Artigo 18. Inicio do expediente.

1.- O Concello incoará de oficio expedientes sancionadores baseándose nas denuncias dos servizos técnicos e de axentes da Policía Municipal polas infraccións que se produzan en relación as normas da presente ordenanza.

2.- Igualmente poderá denunciar as infraccións, se é o caso, o persoal do servizo de limpeza.

3.- Toda persoa natural ou xurídica, debidamente representada, poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza.

Artigo 19. Da responsabilidade.

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas e/ou prohibicións sinaladas na presente

ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén por todas aquelas persoas de quen se deba responder conforme a dereito.

2.- Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída a respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible, cando non se encontren constituídas para o efecto, as denuncias formularanse contra o mesmo ou se e o caso a persoa que ostente a súa representación.

3.- Cando se trate do depósito de lixos ou de sacudida de alfombras ou prendas á vía pública e no que se poida detectar o infractor exacto do edificio, se lle notificará ó presidente da comunidade a infracción, no caso de comunicar o nome e domicilio do infractor.

#### Artigo 20. Definición das infraccións.

1.- Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias a que se refire esta ordenanza os actos ou omisións que contraponían o establecido nas norma que integren o seu contido.

2.- As infraccións clasificaranse en LEVES, GRAVES, E MOI GRAVES, conforme se establece nos artigos seguintes.

#### Artigo 21. Procedemento sancionador aplicable.

1.- Para impoñer unha sanción derivada dunha infracción recollida na presente ordenanza deberá incoarse o oportuno expediente sancionador, que se tramitará conforme ó Real Decreto 1.398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e a normativa vixente na materia de procedemento administrativo común.

2.- A competencia para a incoación dos expedientes e imposición da sanción correspóndelle á Alcaldía ou órgano que actúe por delegación, excepto que a lexislación sectorial estatal ou autonómica atribúa a competencia a órganos doutra Administración.

#### Artigo 22. Tipificación das infraccións producidas.

Sen prexuízo de que determinados feitos dan lugar a responsabilidade penal e de que a lexislación sectorial estatal ou autonómica fixe outra tipificación:

##### 1. Considéranse infraccións leves:

a) Botar desperdicios á vía pública así como realizar as operacións prohibidas no artigo 9, excepto cambiar o aceite e outros líquidos ós vehículos, que terá a consideración de grave.

b) O incumprimento das disposicións en materia de limpeza, nos supostos dos artigos 4 a 9 desta ordenanza.

c) Deixar na vía pública refugallos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.

d) Raspar, lixar ou arrincar carteis ou anuncios colocados nos lugares autorizados ou colocalos en lugares non autorizados, neste caso aplicarase a falta por cartel publicitario.

e) En relación cos recipientes herméticos e cubos

(contedores) normalizados: a falta de coidado cos mesmos, colocalos na vía pública ó retiralos fóra do tempo establecido, utilizar outros distintos aos autorizados, quitar lixos que os desborden, etc.

f) Depositar o lixo e os desperdicios na vía pública.

g) Dar comida aos animais na vía pública.

h) Tirar auga dos cubos de limpeza na vía pública.

i) Realizar pintadas, grafitos, etc. en mobiliario urbano, bambán, xogos infantís ou en lugares non destinados para tal fin.

j) Deixar publicidade (panfletos, etc.) nos limpa parabrisas de vehículos estacionados na vía pública ou tirallos nos portais ou fóra dos buzóns, a rúa ou calquera.

k) Practicar xogos e deportes en sitios e de forma inaxeitada, usando inaxeitadamente o mobiliario urbano.

l) A non recollida de refugallos ou verquidos de calquera clase polos comerciantes de venda ambulante ou actividades recreativas en festexos locais e nos días de feira.

##### 2. Considéranse Infraccións graves:

a) A reincidencia en tres infraccións leves.

b) Cambiar o aceite e outros líquidos aos vehículos na vía e espazos libres públicos.

c) Realizar actos de propaganda mediante reparto lanzamento de carteis, folletos, follas soltas, etc., que lixen os espazos públicos.

d) Omitir a operación de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumplir as obrigacións especificamente establecidas para vehículos pesados, segundo o establecidos nos artigos 7 e 8.

e) Abandonar mobles ou obxectos na vía ou espazos públicos.

f) Abandonar vehículos nas vía públicas.

g) Usar vehículos a motor en zonas no autorizadas de parques ou zonas verdes excepto minuválidos.

##### 3. Considéranse infraccións moi graves:

a) Reincidencia en dous faltas graves.

b) A rotura total ou parcial de árbores ou arrincar plantas de parques, xardíns ou xardineiras públicas.

c) A rotura de mobiliario público.

d) Rotura de ventás ou portas de edificios públicos.

e) Pinturas ou grafitos que afecten a máis de 10 metros cadrados dun edificio público.

#### Artigo 23. Cadro de sancións.

Ás infraccións tipificadas no artigo 22 aplicarase este cadro sancionador.

a) FALTAS LEVES: Apercibimento e multas de 20 euros a 100 euros.

b) FALTAS GRAVES: Multas de 100 euros a 500

euros .

c) FALTAS MOI GRAVES: Multas de 500 euros a 6.000 euros.

Para graduar e determinar a contía da sanción atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

Artigo 24.- Da prescrición das infraccións.

A prescrición das infraccións, de acordo co Art. 132 da Lei 30/1991. Producirase:

- INFRACIÓNS LEVES: 6 meses.

- INFRACIÓNS GRAVES: 2 anos.

- INFRACIÓNS MOI GRAVES: 3 anos.

Os mesmos prazos aplicaranse á prescrición das sancións, segundo a tipificación da infracción que se sanciona como leve, grave ou moi grave.

Artigo 25. Da concorrencia de sancións:

De conformidade co establecido no artigo 133 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, non poderán sancionarse, os feitos que xa foron sancionados penal ou administrativamente, nos casos nos que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

#### TITULO IV. DAS ESIXENCIAS DE REPARACIÓN DOS DANOS E PREXUIZOS CAUSADOS.

Artigo 26. Resarcimento e indemnización.

26.1- A aplicación do procedemento administrativo sancionador é compatible coa esixencia de reparación dos danos causados, mediante fórmulas de resarcimento e indemnización.

26.2- Se as condutas prohibidas causaron danos ou prexuízos á administración pública, ésta poderá, en procedemento no que se garantirá a audiencia do afectado e contradición na avaliación, declarar:

a) A esixencia da reposición o seu estado orixinario da situación alterada pola conducta prohibida.

b) A indemnización dos danos ou prexuízos causados, mediante a determinación da súa contía.

26.3- Para a aplicación do artigo precedente tomouse como referencia o Art. 22 do RD 1.398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

26.4- Para o cumprimento da resolución administrativa de resarcimento e/ou indemnización, finalizadora do procedemento administrativo, a administración municipal poderá executar procedemento de execución previsto nos artigos 93 e seguintes da Lei 30/1997, do 26 de novembro.

Disposición final:

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu contido na forma e con as condicións que establece o punto 2º do artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de

abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e transcorra o prazo previsto no artigo 65 da mesma Lei.

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

Exposición de motivos.

Este Concello de Guitiriz, como entidade próxima a cidadanía, prestadora de servizos esenciais, pretende dar una mínima estabilidade a un servizo de prevención e extinción de incendios, derrubamentos, salvamentos e outros análogos que son demandados cando ocorre algún sinistro.

Nas sociedades modernas existen riscos de sinistros, mais os seus efectos ou consecuencias deben ser minimizados ou diminuídos na medida das posibilidades humanas e organizativas deste municipio.

Enténdese que a presenza de persoal preparado, organizado e equipado debe contribuír a previr a ocorrencia de sinistros e a minorar as súas consecuencias, no caso de producirse.

Nesta senda axúdanse a mellorar a seguridade das persoas e dos bens que evidentemente forma parte do interese xeral pero, ao mesmo tempo produce un beneficio individualizado.

Aproveitando as políticas activas de emprego, inicialmente formativas, búscase organizar un servizo público que poida dar algunha estabilidade laboral. Desta sorte, de acordo coas políticas activas de emprego da Unión Europea e o principio de subsidiariedade como instrumento organizativo das súas institucións, quérese conxugar dous valores a protexer: O fomento do emprego, preferentemente do emprego estable e a prestación dun servizo que contribúa a seguridade das persoas e bens.

Artigo 1º.- Feito imposable.

1.- Constitúe o feito imposable da taxa a prestación dos seguintes servizos:

a) Prevención e extinción de incendios.

b) Prevención de ruínas, construcións e derrubamentos.

c) Salvamento, e en xeral, de protección de persoas e bens; inclúense as actuacións en caso de accidentes de tráfico e análogos, para evitar ou diminuír os danos persoais ou materiais.

2.- Tamén constitúen feito imposable o establecemento e o mantemento deste servizo público e a cesión de uso de maquinaria e equipo adscritos ó servizo, tales como escalas, cubas, motobombas, barcas, vehículos, e outros análogos.

3.- Entenderase producido o feito imposable cando efectivamente se preste alguna das actuacións que constitúen o servizo público reflectido nesta ordenanza